

INFORME PLENO DO COMITÉ DE EMPRESA DE 20 XANEIRO DE 2006

Orde do día:

Actas

Informe das Comisións

Fondos Sociais

Varios:

-Prego de Cargos

-Traballos acompañados

ooooooooooooOOOOOOOOOOoooooooooooo

Actas:

Apróbanse coas modificacións introducidas as actas 19,20 e 21. Está pendente a 22.

Informe das Comisións:

Comisión de Seguridade e Saúde Laboral

Informa o compañeiro Jaime sobre os temas tratados na xunta do CPSSL do 19/I/2006, entre outros: Control da SSL das empresas colaboradoras polos delegados de prevención de Telefónica. Procedemento de actuación en caso de accidente laboral, preténdese que sempre que sexa posible a atención se produza nas clínicas concertadas por Muprespa.

Puntos de risco eléctrico sen solucionar alegando falla de presuposto.

Instalación de regretas QDF que seguirá facéndose ó cumprir unha das dúas normativas ó respecto contraditorias entre si.

Nova proposta da empresa no CCSSL sobre traballos acompañados en O+M.

Aumento de presión en Hércules, onde se incrementou o índice de insatisfacción.

Alarma en Espiño con orde de evacuación dunha planta, unificaranse criterios para que non se dea esta descoordinación

Comisión de Xestión

Informa o Presidente sobre os temas tratados na xunta de 23/XII/2005:

Reestruturación irregular de Residencial Ferrol a Empresas con cruce de escritos Empresa/Comité. Implantación provisional da Xornada europea en Comercial Residencial.

O 24/I/2006 haberá Comisión de Xestión para tratar a praza de pemes residencial presentada como cambio de acoplamento e as Festas locais no CSD para as que se pide un número excesivo de persoal.

Comisión de Emprego (Madrid)

Informa o presidente de que na última xunta da Comisión de Emprego tratáronse os traslados provinciais de Noia e Ponteceso, que ó non haber acordo a nivel provincial, non son aceptados pola representación dos traballadores e quedando a empresa en reconsideralos.

Fondos Sociais

Infórmase da recepción do talón de 5105€, e acórdase facer un reparto similar ó dos últimos anos pero incluíndo o novo grupo presentado (CSD).

O prazo de presentación de facturas será ata fin de Febreiro e o de presentación de orzamentos será ata o pleno de finais de Xuño.

Varios:

Prego de Cargos:

Infórmase do prego de cargos aberto a un compañeiro por falta de puntualidade reiterada.

Traballos acompañados:

Tendo en conta a nova situación que se está a dar sobre este tema no Comité Central de Seguridade e Saúde Laboral e que debera provocar cambios, incluso de método, para a realización do mapa provincial no Comité provincial de Seguridade e Saúde laboral; a CIG formula unha proposta que é aceptada para dirixirse ó C Intercentros como Comité Provincial instándoo a buscar a mellora que sinalamos na oferta da empresa do día 22 do 12 /2005. Acompáñase a proposta.

A Coruña 20 de enero de 2006

PROPUESTA DEL COMITÉ DE EMPRESA DE A CORUÑA PARA MODIFICAR LA PROPUESTA DE LA EMPRESA EN EL TEMA DE TRABAJOS ACOMPAÑADOS EN O+M

Punto 3 .- Los desplazamientos en turno de noche, se realizarán acompañados. A menos de 60 Km., podrán realizarse desplazamientos en solitario en aquellas situaciones justificadas y **acordadas** en el CPSS.

En desplazamientos realizados en turno de tarde cuando al inicio o durante el desplazamiento no haya luz diurna se realizarán acompañados. A menos de 60 Km. podrán realizarse en solitario en aquellas situaciones justificadas y acordadas en el CPSS.

Así mismo en los desplazamientos por caminos de difícil acceso se realizarán también acompañados en turno de tarde cuando al inicio o durante el desplazamiento no exista luz diurna.

Nota.- Los párrafos subrayados sustituyen a los de las propuesta de la empresa.